

Presentación

Como cada ano desde 2013, as unidades de igualdade de xénero das tres universidades públicas galegas traballamos conxuntamente para facer realidade a quinta edición da Xornada Universitaria Galega en Xénero, punto de encontro e reflexión para o persoal docente e investigador que traballa con perspectiva de xénero.

Nesta edición, continuamos a liña de traballo iniciada en 2016 para centrarnos na práctica docente como medio idóneo para a transmisión dos valores igualitarios que permitan una auténtica transformación social; pero tamén, conscientes da necesidade das investigacións feministas e de xénero, que achegan os datos e instrumentos necesarios para acadar o ansiado cambio social, enfocaremos en tres áreas temáticas de investigación. Como na edición anterior, abrimos a convocatoria ao persoal docente e investigador de fóra do ámbito do sistema universitario galego.

Obxectivos:

- Impulsar a aplicación da transversalidade de xénero como un criterio de excelencia universitaria e como medio de transformación social.
- Intercambiar experiencias entre o persoal docente e investigador que teña integrado a perspectiva de xénero na súa práctica docente e/ou investigadora e quen teña interese en incorporala.
- Impulsar o debate sobre os cambios nos roles de xénero para crear unha sociedade máis xusta e equitativa.
- Promover a creación de redes de colaboración multidisciplinares para integrar a perspectiva de xénero en toda a actividade universitaria.

Inscrición. A inscrición será gratuíta e aberta ata completar o aforo.

Estrutura:

- Conferencia inaugural.
- Exposición de comunicacións (de forma oral ou en sesión póster).

Áreas temáticas. A presentación de propostas será a través do envío do formulario de comunicación aos seguintes enderezos electrónicos, dependendo da área temática:

Docencia:

- Prácticas docentes innovadoras con perspectiva de xénero nas aulas universitarias. (oix@usc.es)
- Experiencias de inclusión da perspectiva de xénero noutras etapas educativas. (oficina.igualdade@udc.es)
- Comunicación inclusiva: o uso da linguaxe e asimaxes na docencia. (igualdade@uvigo.es)

Investigación:

- Perspectivas feministas na investigación universitaria. (oix@usc.es)
- Representacións de xénero na cultura popular: avances e retrocesos. (igualdade@uvigo.es)
- Diversidade sexual no ámbito educativo. (oficina.igualdade@udc.es)

Prazo límite para presentar propostas de comunicación

4 de maio de 2017

Publicación: Realizarase unha publicación con ISBN dos traballos presentados e defendidos de forma oral ou na sesión póster.